

# **PLAN DE ORIENTACIÓN**

**Departamento de Orientación**

IES Terra de Soneira

Curso 2019-2020

## ÍNDICE

### INTRODUCCIÓN

#### 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

- 1.1. Datos de identificación do Dpto. de Orientación e contexto que abarca.
- 1.2. Funcionamento e coordinación.
- 1.3. Contextualización.

#### 2. MARCO LEGAL

#### 3. MARCO TEÓRICO

#### 4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO 2019/20:

- 4.1. Avaliación de necesidades.
- 4.2. Obxectivos xerais
- 4.3. Liñas prioritarias de actuación.

#### 5. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

- 5.1. Plan de Atención á Diversidade.
- 5.2. Plan de Acción Titorial.
- 5.3. Plan de Orientación Académico e Profesional.
- 5.4. Coordinación dos centros de Educación Primaria adscritos.
- 5.5. Programación de actividades complementarias
- 5.6. Outras actividades.

#### 6. METODOLOXÍA

#### 7. RECURSOS EMPREGADOS

#### 8. TEMPORALIZACIÓN

#### 9. AVALIACIÓN

#### 10. PROGRAMACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO

#### ANEXO: PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

## **INTRODUCCIÓN**

A Lei Orgánica 2/ 2006, do 3 de maio de Educación, así como a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da Calidade Educativa, establecen o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a actividade orientadora, recollendo entre os seus principios básicos:

- Calidade de educación para todo o alumnado.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa.

Na elaboración deste plan de orientación hai que ter en conta ademais os novos conceptos que se introducen, entre os máis relevantes están as competencias básicas: a bagaxe formativa indispensable que debe desenvolver un alumno ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da súa vida.

Dentro deste novo marco, o Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG 27 de abril), polo que se regula a a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 24 de xullo (DOG 31 xullo) que o desenvolve, xunto coa circular 18/ 2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, regulan e dan coherencia á organización e funcionamento dos servizos de orientación.

Entendemos así a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa e abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino- aprendizaxe e á toma de decisións.

Nesta liña, o Departamento de Orientación posibilitará que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias mediante un plan de actuación común entre os profesionais do instituto, dos centros adscritos e dos servizos externos (asistentes sociais, centros de recursos, equipos específicos, profesionais sanitarios, concello, etc...).

## **1.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

### **1.1. Datos de identificación do Departamento de Orientación e contexto que abarca.**

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece a composición dos Departamentos de Orientación que no noso I.E.S. queda constituído para o presente curso polos seguintes membros:

✓ *Xefa do Departamento e Orientadora:*

Marina Rial Duarte.

✓ *Profesora de Pedagogía Terapéutica:*

Cruz Canosa González

✓ *Profesora de Audición e Linguaxe compartida co CPI Cabo da Area de Laxe e o IES Pedra da Aguia de ponte do Porto :*

Iago Sanmartín Sedes

✓ *Titores de Ámbito:*

- Antón Riveiro de Dios

- Andrea Rey Rodríguez

✓ *Profesor de orientación e formación laboral:*

Miguel Rodríguez Sánchez

Ao Departamento de Orientación do IES Terra de Soneira están adscritos o CEIP de Baíñas e o CEIP San Vicenzo de Vimianzo, que contan con departamento de orientación propio. Este curso comparten orientadora ambos os dous centros.

O contexto de actuación será o que se refire ao propio centro e aos centros adscritos, priorizando nas actuacións a funcionalidade, a operatividade e a colaboración coas institucións e servizos do entorno.

## **1.2. Funcionamento e coordinación.**

Realizaranse reunións periódicas co obxecto de avaliar as necesidades que vaian aparecendo ao longo do curso, valoralas e poñer en marcha os programas de intervención máis axeitados en cada caso.

As reunións coa orientadora dos centros adscritos para cumprir as funcións establecidas na Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo) serán cando menos trimestrais, previa convocatoria dos seus membros. Así mesmo mensualmente realizarase a reunión dos membros do departamento do IES.

Ademais queda establecida unha hora de reunión semanal da orientadora coa profesora especialista de Pedagogía Terapéutica, para facilitar o seguimento do alumnado que recibe medidas de atención á diversidade. A especialista de Pedagogía Terapéutica manterá igualmente unha estreita coordinación periódica co profesorado das materias onde imparte docencia. No caso da intervención do especialista de Audición e Linguaxe ten asignado un só día á semana no noso centro que neste curso coincide o xoves.

Cada inicio de curso se recomenda establecer unha hora de reunión semanal de coordinación dos titores de ESO coa Xefatura de Estudos e coa Orientadora, pero ao non ter dispoñibilidade horaria, non vai ser posible dispor deses tempos de reunión. Aínda así manteranse os contactos necesarios para optimizar o desenvolvemento titorial. Cos titores de bacharelato e ciclos realizarase tamén unha coordinación sempre que sexa necesaria para optimizar o normal desenvolvemento do grupo.

## **1.3. Funcións dos compoñentes do Departamento de Orientación:**

### **1.3.1. Xefatura do Departamento de Orientación:**

- Redactar os programas do departamento.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e redactar os informes psicopedagóxicos.
- Coordinar as accións do departamento.
- Representar ao departamento na CCP.
- Participar nas sesións de avaliación dos alumnos/as, con voz pero sen voto.
- Coordinar actuacións con institucións externas ao centro.

### **1.3.2. Profesora de Pedagogía Terapéutica:**

- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas dentro e fóra da aula.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACIs así como das medidas de reforzo postas en marcha.
- Participar na avaliación inicial e nas sesións de avaliación dos alumnos/as que reciben medidas de atención á diversidade.
- Coordinarse cos profesores e titores dos alumnos que asisten á aula de apoio para realizar o seguimento da súa evolución académica.
- Asistir e participar nas CCP.

### **1.3.3. Profesor de Audición e Linguaxe:**

- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas dentro e/ou fóra da aula.

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACIs así como das medidas de reforzo que se establezan.
- Participar, se é posible, na avaliación inicial e nas sesións de avaliación dos alumnos/as que reciben medidas de atención á diversidade.
- Coordinarse cos profesores e titores dos alumnos que asisten á aula de apoio para realizar o seguimento da súa evolución académica.

#### **1.3.4. Profesores/as tutores/as:**

- Colaborar activamente no desenvolvemento, seguimento e avaliación das actividades do Plan de Acción Titorial.
- Actuar como dinamizador das propostas educativas do departamento de orientación.
- Participar no deseño, planificación e avaliación das actividades de orientación.
- Participar directamente nalgúns actividades de orientación tales como, actividades extraescolares, preparación do taboleiro informativo, elaboración e recompilación de materiais, etc.

#### **1.3.5. Profesor de Formación e Orientación laboral:**

- Informar ao alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
- Orientar sobre formas e procedementos de inserción profesional.
- Dar a coñecer os recursos laborais e profesionais existentes.
- Deseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elaborar o seu propio itinerario profesional de busca de emprego, facéndoo consciente da necesidade de formación permanente.
- Potenciar estratexias encamiñadas á consecución, se é o caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mundo laboral.
- Colaborar cos titores da FTC na elaboración de programas formativo-productivos en centros de traballo.
- Promover que os alumnos/as de Ciclos Formativos participen activamente no deseño da súa traxectoria persoal e laboral.

### **1.4. Contextualización.**

O IES Terra de Soneira está emprazado na vila de Vimianzo, no centro da Comarca de Soneira. A nivel socio-económico o centro caracterízase por escolarizar alumnos/as cuxos pais se adican a actividades relacionadas co sector terciario centrándose no ámbito da construción (albaneis, electricistas ...). Existe tamén unha certa porcentaxe de alumnos/as que teñen algún membro familiar que traballa fóra ou traballou fóra de Galicia.

Actualmente o IES imparte a seguinte oferta formativa, escolarizando neste momento a 286 alumnos/as:

- ESO: 8 grupos, 2 grupos en cada un dos cursos de ESO.
- BACHARELATOS: 4 grupos, 2 en cada curso(un da modalidade de CC e outro da modalidade de CCSS e HH).
- CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA (2 grupos, un de 1º curso e un de 2º).
- CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS ( 2 grupos, un de 1º curso e un de 2º).

## **2.- MARCO LEGAL.**

- *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación ( BOE do 4 de maio).*

- *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa ( BOE do 10 de decembro de 2013).*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Resolución do 15 de xullo de 2016, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade.*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.*
- *Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Decreto 120/ 1998 do 23 de abril pola que se regula a orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia ( DOG do 27/04/98).*
- *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia ( DOG do 31/07/98).*
- *Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 12/09/07).*
- *Circular 8/2009 da Dirección xeral de educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.*
- *Circular 10/2010 da Dirección xeral de educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **3.- MARCO TEÓRICO.**

As actuacións do departamento do IES Terra de Soneira estarán baseadas no marco lexislativo citado con anterioridade e nos principios teórico-prácticos recollidos no Decreto 120/1998, do 23 de abril, e na Orde do 24 de xullo de 1998:

- A Orientación forma parte do sistema educativo para favorecer a calidade da ensinanza: Titoría e Orientación do alumnado forma parte da función docente.
- As finalidades da Educación son: transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos, incorporarse á vida activa con garantía de éxito.
- En consecuencia co anterior, a Lei propón unha educación *comprendiva* ( para todos), *terminal* ( ten un fin en si mesma) e *propedéutica* ( prepara para futuros estudos).
- Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos/as, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios.
- A Orientación ofrece unha atención individualizada e global: integra aspectos do desenrolo persoal, atención ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e toma de decisións.
- A Orientación debe realizarse por profesionais e en equipo.
- Debe ser un proceso continuo: ofertárase aos alumnos nos distintos momentos e niveis da escolarización, dende os primeiros momentos para a prevención e detección temperá de dificultades, ata os momentos de especial relevancia como o cambio de etapa, elección de optativas, etc.
- A Orientación debe estar aberta ao mundo laboral e ás necesidades do contexto.
- Debe promover a cooperación familia-escola e dinamizar aos axentes educativos.
- Debe capacitar ao alumno/a para a adquisición das competencias básicas.

Para responder a estes principios, o modelo de orientación será un modelo *sistémico*: a orientación estará incardinada dentro do centro e do currículo como un elemento máis.

## **4.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO 2019/2020.**

### **4.1. Avaliación de necesidades.**

A avaliación inicial e o establecemento de necesidades e actuacións prioritarias realizarase no mes de setembro e outubro, co inicio do curso escolar.

Esta primeira fase de elaboración do Plan de Orientación é de recollida da información necesaria para planificar o programa: revisión dos documentos do centro (NOF, PEC, Plan de Orientación, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Convivencia e a memoria do curso anterior), coa finalidade de coñecer as actuacións previas, aquelas xa iniciadas que esixen continuidade e analizar e priorizar liñas prioritarias de actuación. A información é completada coas aportacións dos membros do departamento de orientación e as reunións cos titores e a Xefatura de Estudos.

Desta análise, establecemos as seguintes necesidades:

Alumnado	<ul style="list-style-type: none"><li>• Atención á diversidade: análise, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade que sexan necesarias.</li><li>• Formación en habilidades sociais que favorezan a convivencia e o fomento de hábitos saudables.</li><li>• Aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual para a ESO.</li><li>• Orientación Académica e Profesional.</li></ul>
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coordinar o traballo nas titorías e asesorar no desempeño da función titorial.</li><li>• Transmitir información sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e características persoais dos mesmos.</li><li>• Formación para atender á diversidade e á comprensividade educativa.</li><li>• Orientar no relacionado coas competencias básicas, obxectivos, metodoloxías e actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, o apoio pedagóxico e a promoción.</li></ul>
Familias	<ul style="list-style-type: none"><li>• Necesidade de mellorar a participación dos pais/nais no proceso educativo .</li><li>• Información sobre as actividades académicas.</li><li>• Orientación académico-profesional sobre as alternativas unha vez rematada a ESO, o Bacharelato ou un Ciclo Formativo.</li><li>• Asesoramento para favorecer a súa colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.</li></ul>
Centro	<ul style="list-style-type: none"><li>• Colaborar na elaboración dos documentos internos do centro.</li><li>• Colaborar coas diferentes institucións do entorno.</li><li>• Asesorar en cuestións relativas a: oferta educativa diversificada para atender as necesidades do alumnado, ás adaptacións curriculares, intervención psicopedagóxica, e en xeral aos elementos globalizadores e personalizadores da ensinanza.</li></ul>

### **4.2.Obxectivos xerais do Plan de Orientación.**

#### **4.2.1. En relación ao centro.**

- Contribuír á personalización da educación, é dicir, ao seu carácter integral, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos mediante unha educación individualizada, referida ás persoas concretas, coas súas aptitudes e intereses diferenciados.

- Colaborar na organización e planificación de actividades educativas relacionadas coa orientación persoal, académica ou profesional.
- Aportar asesoramento psicopedagóxico á acción educativa do centro.
- Colaborar coas distintas institucións da zona: servizos sociais, culturais, de saúde...

#### **4.2.2. En relación ao alumnado.**

- Potenciar a orientación para todo o alumnado.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado que o precise.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores.
  - Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos.
  - Facilitar o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades e competencias básicas, e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa, elección de optativas ou de itinerarios formativos, transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
    - Informar dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lles faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
    - Facilitar a adquisición das competencias básicas mediante a tutoría, as formas de traballo, os hábitos, a relación coas demais persoas e a imaxe propia.

#### **4.2.3. En relación ao profesorado.**

- Coordinar o traballo das titorías e asesorar aos profesores no desempeño da función titorial.
- Impulsar a posta en práctica nas titorías de programas específicos relacionados con hábitos de traballo intelectual, de ensinar a pensar, de habilidades sociais, de técnicas de dinámica de grupos, de técnicas de relaxación, etc.
  - Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento e aprendizaxe que presenten os alumnos e a unha rápida intervención para tratar de corrixilos.
  - Asesorar en relación a actividades e procesos de avaliación formativa, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, etc.
  - Demandar colaboración naquelas actividades propostas polo departamento.

#### **4.2.4. En relación ás familias.**

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, canalizando a información a través dos titores.
- Orientar de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.
  - Facilitar información sobre as distintas saídas académicas e laborais de cara a axudarlles na toma de decisións académico-profesionais dos seus fillos.

#### **4.2.5. En relación aos centros adscritos.**

Buscaremos a funcionalidade en todas as intervencións realizadas, establecendo os contactos e reunións necesarios, figurando como obxectivos fundamentais:

- Asesorar, colaborar e participar cos centros adscritos, deseñando accións encamiñadas a asegurar a continuidade educativa e orientadora ao longo das diferentes etapas:
- Recadar a información psicopedagóxica a finais de curso dos alumnos que se incorporan a 1º de ESO no seguinte ano.
- Planificar conxuntamente e levar a cabo no IES e nos propios centros adscritos actividades de acollida e de coñecemento da ESO .



### 4.3 . Liñas prioritarias de actuación.

As liñas de actuación serán as seguintes:

- *Actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade, e contribuír á elaboración das medidas pertinentes, en especial no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo, a través da:*

- Identificación temperá de necesidades. Diseñar, en colaboración co profesorado, accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas de carácter preventivo e compensador ás necesidades educativas específicas.

- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.

- Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros.

- Asesoramento aos departamentos didácticos para que nas respectivas programacións incorporen distintos niveis de dificultade que dean resposta á diversidade presente nas aulas.

- Coordinación coa orientadora dos centros adscritos coa finalidade de facilitar a transición da etapa de E. Primaria á Secundaria.

- *Desenvolver o plan de acción tutorial, especialmente no referido a:*

- Incorporación de contidos relacionados coa prevención do acoso escolar, das habilidades sociais, co fomento da autoestima, as técnicas de relaxación, estratexias de resolución pacífica de conflitos a través da mediación, dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

- Desenvolvemento das competencias básicas.

- Revisar as actividades propostas nos PATs (ESO, Bacharelato e FP).

- *Asesorar aos alumnos sobre os diferentes itinerarios académicos e profesionais, permitiéndolles tomar unha decisión sobre o seu futuro académico dunha forma responsable e consciente:*

- Axudar ao alumnado a adquirir un maior coñecemento de si mesmo: posibilidades, aptitudes, características persoais.

- Informar da oferta educativa entre o alumnado, incidindo nas condicións de acceso, características, titulacións...

- Facilitar aos alumnos os coñecementos necesarios sobre o mundo socio- laboral.

- Establecer accións específicas dirixidas a fomentar a igualdade no acceso á formación profesional e aos estudos universitarios.

- Asesorar aos alumnos en situación de risco ou abandono escolar.

- *Actuacións en relación á promoción da Convivencia:*

- Colaboración na mellora da Convivencia no Centro e na proposta de actividades para dinamizar o Plan de Convivencia.

- *Actuacións encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperá dos estudos:*

- Colaboración no seguimento do protocolo de absentismo escolar.

## **5.-ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.**

<b>5.1. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>
--

### **1. OBXECTIVOS:**

1º Previr e detectar as necesidades educativas especiais dos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe.

2º Definir propostas concretas de atención para os alumnos/as con necesidades educativas especiais detectadas.

3º Participar no deseño e posta en funcionamento de novas medidas de tipo curricular e organizativo de atención á diversidade.

4º Participar na revisión dos criterios organizativos das MAD, realizar o seu seguimento e propoñer melloras e modificacións.

### **2. ACTIVIDADES:**

#### **2.1. COS ALUMNOS/AS:**

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas daqueles alumnos/as detectados con dificultades de aprendizaxe (ACIs), así como dos posibles alumnos propostos para PMAR ou para a FP Básica. Esta avaliación implica desenvolver unha serie de actuacións entre as cales se destacan as seguintes:

- Recollida da historia escolar do alumno.
- Entrevistas coa familia, titor, profesorado que lle imparte algunhas materias e co propio alumno avaliado.
- Observación e análise dos traballos académicos.
- Aplicación e corrección de probas estandarizadas e pedagóxicas.
- Observación do estilo de aprendizaxe do alumno.
- Redacción do informe psicopedagóxico.
- Información e asesoramento ao titor e profesorado acerca da intervención educativa co alumno.
- Realizar o apoio docente directo por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica, no horario que se estableza para tal actividade.
- Recollida de información persoal e académica dos alumnos/as a través de cuestionarios e probas estandarizadas de aplicación na hora de titoría cos alumnos/as. As probas aplicaranse colectivamente en 1º de ESO no mes de outubro.
- Información individualizada sobre os resultados das probas a aqueles alumnos/as que o soliciten ao longo do curso.
- Cos alumnos con problemas de organización e rendemento académico a xuízo do titor e da xunta de avaliación: entrevistas persoais para detección dos problemas de rendemento, deseño dunha planificación de traballo e seguimento e control da mesma, mentres o alumno/a o demande e acepte.
- Deseño e seguimento do plan de medidas educativas para alumnos procedentes do estranxeiro.

#### **2.2. COS PROFESORES TITORES/AS:**

- Información sobre os resultados das probas colectivas que se apliquen, principalmente en 1º de ESO.
- Información sobre as orientacións propostas nos informes psicopedagóxicos.
- Asesoramento e propostas de intervención con cada grupo de alumnos/as, cando o titor o demande.
- Orientacións sobre a posta en marcha de medidas específicas de atención á diversidade cos alumnos/as do seu grupo:
- Reforzos educativos dentro e fóra da aula.

- Adaptacións curriculares individualizadas.
- Adaptacións na metodoloxía da clase.
- Acceso a un Programa de Mellora do Aprendizaxe e o Rendemento.
- Acceso á Formación Profesional Básica.
- Acceso á Educación Secundaria de Adultos.
- Alumnado procedente do estranxeiro.
- Educación compensatoria.
- Asesoramento sobre a proposta de alumnos/as para un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento ou á FP Básica cando se cumpran os criterios de incorporación aos mesmos.

### **2.3. COS PROFESORES/AS DE ÁREA:**

- Entrevistas cos profesores/as que así o soliciten para realizar orientacións na atención a alumno/as con necesidades educativas especiais ou outras problemáticas concretas.
- Aporte de documentación e asesoramento para o deseño das adaptacións curriculares individualizadas.
- Apoio ao titor na coordinación das avaliacións iniciais na ESO, especialmente en 1º e 2º de ESO onde hai diversidade de alumnado con MAD.
- Coordinación das reunións específicas( ao inicio do curso, as previas ás sesións de avaliación e unha ao final de curso) entre o departamento de orientación e o profesorado para a elaboración e o seguimento das Adaptacións Curriculares.

### **2.4. COS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:**

- Asesoramento aos departamentos didácticos sobre criterios e técnicas de avaliación, aspectos metodolóxicos, secuenciación de obxectivos e contidos para a elaboración de Adaptacións Curriculares.

### **2.5. COAS FAMILIAS:**

- Entrevistas cos pais dos alumnos/as propostos para recibir MAD: Agrupamentos Específicos, ACIs, PMAR, FPB, ESA, etc.
- Entrevistas coas familias para recoller a información necesaria para realizar as avaliacións psicopedagóxicas correspondentes.

### **2.6. NO PROPIO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

Nas reunións semanais do Departamento de Orientación:

- Seguimento e avaliación semanal das MAD.
- Actualización de materiais específicos para a aula de Pedagogía Terapéutica así como para o Departamento de Orientación.
- Elaborar a proposta das medidas de atención á diversidade para o seguinte curso trala revisión das necesidades dos alumnos procedentes de 6º curso de Primaria.

## **3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solventalas de xeito inmediato. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- Se as medidas de apoio se axustaron ás demandas e necesidades reais .
- En que medida se desenvolveron as ACIs e a súa valoración final: adecuación de obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, dificultades durante o seu desenvolvemento...

- En que medida foron desenvolto os Agrupamentos Específicos e os apoios das especialista de PT nos casos de ACIs: adecuación dos criterios de globalización das áreas, de organización de espazos e tempos, adecuación de obxectivos e contidos ao nivel do alumnado e os seus intereses...
- En que medida se axustou a intervención da especialista de AL compartida, tendo en conta as limitacións que supón atender a un alumno con dobre implante coclear un só día á semana.
- En que medida se realizaron os reforzos demandados.

## **5.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

### **1. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN:**

O PAT é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que é unha etapa na que se da unha maior diversidade do alumnado, o cal implica un proceso de adaptación e de integración persoal e escolar.

O desenvolvemento da acción titorial debe abordar os seguintes aspectos:

1. O coñecemento e seguimento persoal do alumno/a a través de actividades de coñecemento das súas aptitudes, capacidades, intereses, motivacións, grao de responsabilidade,... .  
Este coñecemento constituirá o punto de partida para, en colaboración co resto dos profesores/as e do DO, deseñar estratexias que permitan incidir na mellora do desenvolvemento persoal e no rendemento académico.
2. A relación co grupo – clase: actividades que permitan lograr un clima axeitado de aula, a cohesión do grupo e posibilidades de participación nas decisións de aula.
3. A relación coas familias: a través de reunións periódicas ao longo de todo o curso o titor/a deberá coñecer as expectativas das familias con respecto aos fillos e establecer actuacións coordinadas entre a familia e o centro.
4. A relación co equipo docente: débese procurar que exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo do grupo de alumnos/as, así mesmo o titor deberá coordinar as respostas educativas que cada docente aporte dende as súas distintas programacións.

### **2. OBXECTIVOS QUE SE PROPÓN O D.O. CON RESPECTO ÁS TITORÍAS:**

Neste centro existe un Plan de Acción Titorial elaborado, consensuado e compartido polo centro. As titorías desenvólvense segundo temáticas e actividades concretas, planificadas para cada nivel, pero inténtase que teñan certa flexibilidade para adaptarse ás necesidades e intereses do grupo de alumnos e á experiencia do titor. Cada curso realízase unha revisión das actividades recollidas no Plan de Acción Titorial do Centro, de xeito que contemple unha proposta de obxectivos e liñas de actuación flexibles e realistas, así como adaptadas á nova realidade de profesorado e alumnado. Unha vez consensuadas as propostas do PAT propórémonos os seguintes obxectivos:

1. Ofrecer e facilitar os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades do PAT.
2. Ofrecer asesoramento para a posta en práctica das actividades grupais do PAT.
3. Deseñar e propoñer actividades específicas segundo xurdan necesidades novas nos grupos de alumnos/as.
4. Asesorar aos titores/as no desenvolvemento das súas funcións titoriais: cos alumnos/as, cos pais, co resto do profesorado.
5. Complementar a acción do titor na acción directa cos alumnos/as ou pais/nais cando así o requira o titor/a.

6. Avaliar o desenvolvemento do PAT.
7. Elaborar e recompilar novos materiais para a acción tutorial, en todos os grupos.

### **3. ACTIVIDADES:**

#### **3.1. COS ALUMNOS/AS:**

- Intervención directa nalgúnhas actividades do PAT cando así o demande o titor/a e para complementar a súa labor (por ex. nas actividades de orientación vocacional), especificamente nas actividades de información académica do PAT de Bacharelato e Ciclos.
- Entrevistas persoais cos alumnos/as, a petición do titor/a, do alumno ou da familia, para asesorar ante algunha problemática concreta (ex. asesoramento na organización do estudo na casa, información académica, conflitos, problemática socio-familiar, etc... ).

#### **3.2. COS TITORES/AS:**

- Proposta e entrega aos titores de materiais para o desenvolvemento das actividades do PAT.
- Asesoramento sempre que sexa necesario para a posta en práctica das actividades do PAT .
- Entrevistas cos titores/as para informar das conclusións das avaliacións psicopedagóxicas realizadas aos alumnos/as con NEE.

#### **3.3. COS PAIS/NAIS:**

- Asistencia ás reunións entre o titor/a e as familias cando así o demande o titor/a e cando a presenza da orientadora ou da profesora de Pedagogía Terapéutica se considere necesaria.
- Colaborar na preparación das reunións de pais nos cursos de ESO cando sexa necesario.

#### **3.4. NO PROPIO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

- Busca e coordinación cos organismos especializados que impartan os obradoiros específicos do PAT da ESO.
- Actualización dos materiais e recursos para a acción tutorial.
- Revisión e actualización das actividades previstas no PAT da ESO, Bacharelatos e Ciclos.
- Dinamización e difusión do Plan de Convivencia (mellorar accións concretas como poden ser realización de actividades relacionadas coas habilidades sociais, actividades vinculadas á prevención do acoso escolar, utilización do Buzón de Convivencia, etc. ).

### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solucionarlas de forma inmediata. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- Valorar a adecuación das actividades realizadas polo departamento ás necesidades e demandas dos titores.
- Valorar a repercusión das actividades da acción tutorial no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Valorar o grao de implicación e satisfacción dos titores, alumnado e familias nas actividades realizadas.
- Analizar se as canles de coordinación e reparto de responsabilidades axudaron a lograr os obxectivos propostos.
- Valorar a adecuación das actividades aos intereses dos alumnos/as.
- Analizar a adecuación das técnicas e recursos empregados.

A orientación académico-profesional terá por obxecto axudar aos alumnos/as ao longo da etapa de educación secundaria a analizar e valora-las súas preferencias académico – profesionais para que poidan formular de xeito libre e responsable a súa decisión persoal.

A orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo, así no 1º ciclo da ESO, incidirase no autoconecemento e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións, e no 2º ciclo da ESO no coñecemento das alternativas que se lle presenten ao rematar a escolaridade obrigatoria.

No Bacharelato a orientación académica incidirá na toma de decisións de opcións académicas ao rematar a etapa así como na orientación sobre a organización da ABAU. Así mesmo, teremos en conta que haberá alumnos que desexen incorporarse ao mundo laboral ao rematar esta etapa, polo que se fará fincapé na necesidade de orientalos cara á consecución de emprego así como dos recursos existentes fóra do centro que se adican a orientación laboral.

Nos ciclos formativos a orientación académica incidirá na información cara estudos posteriores (outros ciclos, formación non regrada, universidade, ...), así como na aprendizaxe de recursos de autoorientación laboral, complementando os contidos recibidos na área de Formación e Orientación Laboral.

## **1.OBXECTIVOS:**

### 1.1. Obxectivos de orientación académica:

1. Axudar aos alumnos/as na toma de decisións sobre as opcións académicas que se lle presenten ao longo da escolaridade.
2. Informar aos alumnos acerca das opcións académicas e profesionais ao rematar os estudos que están cursando.
3. Informar aos alumnos sobre as características xerais dos estudos nos que se acaban de matricular (en primeiros cursos de ESO, Bacharelato, ciclos, ESA).
4. Informar sobre as características xerais dos estudos posteriores que escollen os alumnos/as ao final da etapa.
5. Informar aos alumnos/as sobre os criterios de promoción do centro.
6. Orientar cara outras alternativas educativas e ocupacionais a aqueles alumnos/as que por causa de fracaso escolar ou NEE non poidan rematar a ESO.
7. Promover o autoconecemento dos alumnos/as, sobre todo naqueles casos de grave indecisión.

### 1.2. Obxectivos de orientación laboral:

1. Asesorar ao alumnado dos ciclos das posibilidades profesionais que se presentan ao rematar os estudos que están cursando.
2. Promover no alumnado de todo o centro o coñecemento do sistema produtivo e laboral.
3. Informar ao alumnado dos procesos de inserción á vida laboral e activa así como das técnicas de busca activa de emprego, promovendo en todo momento a capacitación dos alumnos/as para a súa propia autororientación.

## **2. ACTIVIDADES:**

### **2.1. COS ALUMNOS:**

**1º ESO:**

- Aplicación na hora semanal de tutoría dun programa de orientación vocacional (desenvolvido en 2 ou 3 sesións no 3º trimestre), que incidirá no coñecemento da etapa educativa da ESO e na configuración do itinerario educativo ao longo da etapa. Levarao a cabo a Orientadora dentro da aula.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación.
- Participación na elaboración do Consello Orientador.

**2º ESO:**

- Aplicación na hora semanal de tutoría do programa de orientación vocacional (desenvolvido en 2 ou 3 sesións no 3º trimestre), que incidirá no autocoñecemento e na toma de decisións para elección de optatividade no 3º curso de ESO. Desenvolverao a orientadora dentro da aula.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación de materias pendentes.
- Participación na elaboración do Consello Orientador.

**3º ESO:**

- Aplicación na hora semanal de tutoría do programa de orientación vocacional (desenvolvido en 3 - 4 sesións no 2º ou 3º trimestres) que incidirá na toma de decisións para a elección de estudos ao rematar a ESO, así como na elección de optativas en 4º de ESO. Será desenvolto basicamente pola Orientadora.
- Explicación dos criterios de promoción, titulación e sistemas de recuperación das materias pendentes.
- Participación na elaboración do Consello Orientador.

**4º ESO:**

- Aplicación na hora semanal de tutoría do programa de orientación vocacional, que incidirá no coñecemento dos estudos escollidos ao rematar o curso tanto se conseguen o título de ESO como se non. Será desenvolto principalmente pola Orientadora ao longo do 2º e 3º trimestres dentro da aula.
- Explicación dos criterios de titulación e sistemas de recuperación de materias pendentes.
- Introducirase un programa informático nas aulas de informática do centro e nos ordenadores da biblioteca para que eles mesmos traballen as competencias de aprender a aprender e de búsqueda da información que necesitan para optimizar a súa toma de decisións sobre estudos e profesións.
- Participación na elaboración do Consello Orientador.

Ademais destas actividades programadas por niveis realizaranse as seguintes actividades, dirixidas a tódolos alumnos/as :

- Asesoramento individualizado a aqueles alumnos con problemas de indecisión.
- Información individualizada a aqueles alumnos/a que a demanden directamente no DO.
- Entrega de materiais informativos nas charlas impartidas pola orientadora: cadernos de orientación en todos os cursos da ESO.

**1º DE BACHARELATO:**

- Explicación a comezos de curso das características do bacharelato incidindo nas peculiaridades da avaliación e nas diferenzas coa ESO (a través dos titores con materiais facilitados polo departamento de orientación).
- Detección de casos de alumnos/as que aínda non teñen clara a opción de estudos a seguir ao rematar o Bacharelato e orientación individualizada para axudar na toma da decisión vocacional.
- Autoaplicación de tests de orientación vocacional.

- Información académica dentro da aula por parte da orientadora acerca das modalidades e itinerarios de 2º Bacharelato e os estudos posteriores.
- Información individualizada segundo demanda do propio alumnado.
- Asistencia a xornadas de orientación deseñadas pola Consellería ou outros organismos externos, se é o caso.

### **2º DE BACHARELATO:**

- Información académica individualizada sobre o acceso á universidade, o acceso a ciclos formativos, as características e organización das probas de ABAU e nos prazos e procedementos de inscrición e matrícula na Universidade e na FPE.
- Formulación do consello orientador para aquel alumno que o demande.

### **CICLOS FORMATIVOS:**

- Colaboración cos profesores dos Ciclos na busca de diversa información que pode ser do interese do alumnado de FP:
  - Características dos estudos que están a realizar (o perfil profesional).
  - Saídas laborais do ciclo.
  - Listado de empresas ás que dirixirse para atopar emprego.
  - Listado de organismos aos que dirixirse para orientarse de cara a inserción laboral.
  - As técnicas de busca activa de emprego.
  - As habilidades sociais no traballo.
  - O autoemprego.
- Información académica individualizada se é o caso sobre:
  - Acceso a universidade: descrición das carreiras vinculadas co ciclo superior.
  - Outros ciclos formativos / outra formación non regrada relacionada co ciclo.
  - Probas de acceso a ciclos superiores.
  - Validación de módulos entre ciclos, validación de materias nos estudos universitarios.
- Asesoramento individualizado a aqueles alumnos/as que queiran seguir formándose ao rematar os estudos actuais: proporcionándolles información e axuda na toma de decisións. Este asesoramento poderá concretarse en:
  - Dar información puntual que demande o alumno/a.
  - Realizar entrevistas co obxecto de axudar na toma da decisións.
  - Aplicación de probas e enquisas co fin de favorecerlle ao alumno/a o seu nivel de autoconecemento.

### **2.2 COS PAIS/NAIS:**

- Entrevistas cos pais de alumnos que demanden información concreta.
- Charla informativa se é necesario ás familias do alumnado que remata 4º de ESO sobre as saídas académico-profesionais posteriores. Esta sesión irá dirixida tanto ás familias do noso alumnado como ás dos alumnos que se incorporan doutros Centros.

### **2.3 NO PROPIO DEPARTAMENTO:**

- Coordinación das actividades extraescolares do Departamento de Orientación.
- Recompilación e actualización dos materiais de orientación académica.
- Elaboración dos materiais de información académica necesarios para cada curso.



### 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Será necesario avaliar todo o proceso de forma continua para detectar dificultades e solucionarlas de forma inmediata. A avaliación final atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- Valorar a adecuación das actividades realizadas polo departamento ás necesidades e demandas dos titores.
  - Valorar a repercusión das actividades da acción titorial no proceso de ensino-aprendizaxe.
  - Valorar o grao de implicación e satisfacción dos titores, alumnado e familias nas actividades realizadas.
- Analizar se os canles de coordinación e reparto de responsabilidades axudaron a lograr os obxectivos propostos.
  - Valorar a adecuación das actividades aos intereses de alumno/as.
  - Analizar a adecuación das técnicas e recursos empregados.

## 5.4. COORDINACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. OBXECTIVOS:

- Continuar mantendo canles fluídos de comunicación entre os CEIPs adscritos e o noso IES.
- Consensuar entre os departamentos de orientación de Primaria e Secundaria unha liña de intervención coherente sobre todo con aqueles alumnos/a con NEE que posteriormente se escolarizan no IES.
- Realizar o traspaso da información do departamento de orientación de primaria, acerca dos alumnos con necesidades educativas especiais ou dificultades de aprendizaxe, que proceden dos CEIPs.
- Revisar, conxuntamente cos centros de primaria o procedemento e probas de avaliación inicial en 1º de ESO.
- Colaborar no asesoramento da proposta de alumnos que veñen propostos para acceder aos Agrupamentos Específicos e/ou que veñen propostos para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
- Facilitar a incorporación do alumnado de 6º de EP ao noso IES.

### 2. ACTIVIDADES:

Coordinación trimestral coa orientadora do CEIP San Vincenzo e do CEIP de Baññas para realizar as seguintes tarefas:

- Traspaso de información dos alumnos con NEE que se escolarizan en 1º curso no noso IES.
- Colaboración (facilitando materiais de apoio) para a posta en práctica dun programa de orientación académica en 6º de EP a finais de curso.
- Contactos puntuais para intercambiar materiais do DO e consensuar as liñas de intervención.
- Información do Plan de Atención á Diversidade do Instituto así como das medidas de atención á diversidade aplicadas aos alumnos escolarizados no IES.

Actividades de acollida do alumnado de 6º de EP a final de curso para favorecer a transición de etapa:

1. Proposta dun programa de orientación vocacional para os alumnos de 6º de EP.
2. Entrega do caderno/ tríptico informativo para os alumnos de 6º de EP.

3. Visita guiada dos alumnos ao instituto no mes de xuño.
4. Charla para os pais dos alumnos de 6º no mes de xuño para coñecer as instalacións e o funcionamento xeral do instituto.

## 5.5. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADE	OBXECTIVOS	DESTINATARIOS	LUGAR, DATAS E HORARIO	PROFESORES RESPONSABLES
<b><u>ORIENTACIÓN ACADÉMICA 1º BACH</u></b>	- Dar a coñecer aos alumnos as diferentes opcións que se lle presentan ao rematar a etapa (os estudos universitarios e a FP).	- 1º de Bacharelato.	-Celebraranse no Centro, previsiblemente no 2º trimestre durante 2-3 sesións lectivas segundo necesidades.	- Colaboración de entidades públicas(técnicos de Formación Profesional, do sistema universitario de Galicia, Forzas Armadas, etc.) ou privadas que poidan ser de interese para o alumnado. - Sesións impartidas pola orientadora dentro do grupo.
<b><u>ORIENTACIÓN ACADÉMICA 2º BACH</u></b>	- Dar a coñecer aos alumnos as diferentes opcións que se lle presentan ao rematar a etapa (os estudos universitarios e a FP). - Informar ao alumnado sobre a estrutura e desenvolvemento da ABAU. -Informar sobre o acceso a Becas, Residencias Universitarias, etc.	- 2º de Bacharelato.	-Celebraranse no centro, previsiblemente no 1º e 2º trimestres.	-Sesións impartidas pola orientadora dentro da aula. -Xornadas de orientación académico-profesional na que se contará coa colaboración de profesionais externos (universidades galegas, axentes da FPE, etc.).
<b><u>ORIENTACIÓN ACADÉMICA A CICLOS.</u></b>	- Dar a coñecer aos alumnos as diferentes opcións que se lle presentan ao rematar a etapa .	- 2º curso do Ciclo Medio e Superior.	- Celebraranse no Centro no 1º e 2º trimestres.	-Xornadas impartidas por profesionais externos (Universidade, FPE, Forzas Armadas, Escola Superior de Hostaleira de Galicia). -Entrevistas coa orientadora .

<b><u>OBRADOIROS DE:</u></b> <b><u>- RISCOS DE INTERNET.</u></b> <b><u>- ACOSO ESCOLAR</u></b> <b><u>- DROGAS E ALCOHOL.</u></b> <b><u>- VIOLENCIA DE XÉNERO.</u></b>	<p>- Dar a coñecer os riscos asociados as novas tecnoloxías así como o acoso a través de Internet.</p>	<p>- Alumnado da ESO.</p>	<p>Datas pendentes de concretar, xa que dependen da dispoñibilidade do técnico.</p>	<p>As charlas serán impartidas pola Garda Civil dentro do Plan Director para a Convivencia e a Mellora na Seguridade nos Centros.</p>
<b><u>CHARLAS SOBRE SEGURIDADE EN INTERNET</u></b>	<p>Ensinar e concienciar aos alumnos da necesidade de realizar unha navegación segura.</p>	<p>Alumnos de 1º de ESO, segundo dispoñibilidade e do técnico que a imparte.</p>	<p>Data pendente de concretar.</p>	<p>A charla sería impartida por un técnico do programa "Navega con Rumbo".</p>
<b><u>OBRADOIROS CRUZ VERMELLA</u></b>	<p>-Desenvolver a educación para a saúde previndo condutas de risco (prevención de drogodependencias, hábitos saudables, etc).  - Aprender a resolver conflitos de xeito pacífico(prevención do acoso escolar).</p>	<p>Dirixidos a toda a ESO, dependendo da temática irán orientados a uns niveis ou outros.</p>	<p>Ao longo do curso nas sesións de titoría.</p>	<p>Os obradoiros serán impartidos técnicos da Cruz Vermella coa participación de persoas voluntarias que colaboran con esta entidade.</p>
<b><u>PROGRAMA Ktorce 18 de Arela</u></b>	<p>-Programa de Prevención de Condutas Infractoras</p>	<p>Alumnos de 3º ESO.</p>	<p>Data pendente de concretar segundo dispoñibilidade do técnico.</p>	<p>A charla será impartida por persoal técnico da Asociación Arela.</p>
<b><u>OUTRAS ACTIVIDADES Concello Vimianzo, Deputación A Coruña</u></b>	<p>-Actividades relacionadas con temáticas transversais (Prevención de sustancias e condutas aditivas, acoso escolar, violencia de xénero, etc.).</p>	<p>Alumnado de 1º a 4º ESO</p>	<p>Datas pendentes de concretar, segundo as datas que nos oferten os organismos.</p>	<p>As charlas serán impartidas polos organismos colaboradores.</p>

<b><u>Participación en proxecto de investigación</u></b>	Coñecementos de educación sexual nos adolescentes galegos.	Alumnado de 1º Bacharelato	Inicio de curso, pero as datas están pendentes de concretar.	2 médicas residentes que desenvolven o proxecto.
--	--	----------------------------	--	--

## **5.6. OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO**

1. Actualización do material psicopedagóxico, bibliográfico e funxible para o departamento.
2. Confección de documentos para o propio departamento.
3. Asistencia a congresos, xornadas e cursos de formación en orientación.
4. Contacto e colaboración con outras institucións externas que facilitan a labor orientadora:
  - Servizo Galego de Colocación de Carballo e Cee
  - Centro de Información Xuvenil do concello.
  - Oficina de desenvolvemento local do concello.
  - Educadora familiar / traballadora social do concello.
  - Cruz Vermella de Vimianzo, Asociacións da contorna (APEM, ASPABER, etc)... .
  - Servizos de saúde mental infantil (Cee, A Coruña)
  - Equipo de Orientación Específico.
5. Elaboración da memoria do Departamento de Orientación.

## **6.- METODOLOXÍA**

Todas as actuacións estarán debidamente planificadas e incardinadas no funcionamento do centro e no proceso de ensino aprendizaxe, seguindo as directrices da C.C.P. e as liñas de actuación do P.E.C. Farase a intervención dende os diferentes niveis nos que se estrutura a orientación: a nivel de aula con titores e profesorado; a nivel de centro polas actuacións específicas do Departamento e a nivel de sector, con todos aqueles servizos externos, como os equipos de orientación específicos, centros de recursos e a inspección educativa, para integrar as actuacións no contexto. Así mesmo é fundamental a colaboración cos servizos sociais e institucións ou asociacións do concello.

A cooperación coas familias será imprescindible, informando de todos os recursos educativos e sociais dos que se dispón, tratándoas de implicar ao máximo no seguimento da educación dos seus fillos.

## **7.- RECURSOS EMPREGADOS**

Serán os do centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación programada, procurando un rendemento óptimo e o máximo aproveitamento dos recursos existentes:

Humanos: Profesorado, titores, orientadora, xefatura de estudos, profesora de P.T. e profesora compartida de A.L., profesionais externos.

Do contexto: Equipos de orientación específicos, centros de recursos, centros da zona, inspección educativa, concello, empresas...

Materiais: Lexislación educativa vixente, cuestionarios e tests, programas específicos, etc, medios informáticos e tecnolóxicos, bibliografía,...

## **8.- TEMPORALIZACIÓN**

A avaliación inicial de necesidades e o deseñado Plan de Orientación iníciase no mes de setembro. A posta en práctica do plan iniciarase en outubro e realizarase o pertinente seguimento ata o remate do curso. A programación do tempo está especificada para cada actividade en cada un dos ámbitos de intervención do Plan de Orientación, aínda que se atenderán puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso, tendo en conta as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumno/as.

A avaliación final, propostas de mellora e comunicación de resultados realizarase no mes de xuño, ao finalizar o curso.

## **9. - AVALIACIÓN**

Avaliación inicial: Para elaborar dita programación de orientación tivéronse en conta os seguintes documentos:

- Revisión da memoria de orientación do curso anterior.
- Revisión das circulares de orientación.
- Obxectivos do plan anual do centro.

Avaliación continua: a través das reunións do departamento de orientación ao longo do curso.

Avaliación final: A finais de curso realizarase unha avaliación cualitativa do programa cuxos resultados se incluírán dentro da memoria do departamento.

Seguirase a seguinte metodoloxía:

1. Avaliación interna por parte dos compoñentes do departamento.
2. Avaliación externa por parte do profesorado titor (a través dalgunha enquisa).

Os criterios para avaliar o programa serán os seguintes:

- Consecución dos obxectivos.
- Realización das actividades.
- Cumprimento da temporalización.
- Mellora da satisfacción do centro con respecto ao traballo desenvolvido polo departamento de orientación.
- Mellora da satisfacción dos membros do departamento de orientación acerca do traballo desenvolvido.

Así mesmo avaliarase o PAT mediante a aplicación dalgunha enquisa aos titores e ao alumnado que se recollerá nas propostas de mellora dentro da memoria.

## **10.-PROGRAMACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO:**

TEMAS
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Programación do Plan do Departamento de Orientación.</li><li>2. Reunións mensuais do departamento e trimestrais cos centros de primaria.</li><li>3. Dinamización do taboleiro de Orientación con información relevante para o alumnado(convocatorias, cursos, lexislación, etc).</li></ol>

4. Coordinación das actividades extraescolares e complementarias.
5. Análise e seguimento das medidas de atención á diversidade.
6. Seguimento dos temas tratados na CCP.
7. Actualización de materiais do Departamento de Orientación.
8. Revisión e actualización do novo marco legislativo.
9. Revisión, actualización e avaliación do PAT e do POAP.
10. Proposta, avaliación e memoria das actividades do departamento de orientación.
11. Previsión das medidas de atención á diversidade para o seguinte curso.

Vimianzo, a 27 de setembro de 2019

Asdo.: Xefa do Departamento de Orientación

Marina Rial Duarte

## **ANEXO**

### **PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

**CURSO 2019 – 2020**

#### **1. INTRODUCCIÓN**

Durante o curso 2019/ 2020 todas/os as/os alumnas/os que imos atender están integradas/os na aula ordinaria. A atención a estas/es alumnas/os farase tendo en conta as necesidades particulares de cada un deles, podendo recibir apoio dentro da aula ordinaria e/ou asistindo a tempo parcial á aula de pedagogía terapéutica.

Traballarase conxuntamente cos profesores/as que impartan as materias, coa finalidade de que as/os alumnas/os con necesidades específicas de apoio educativo se desvíen o menos posible do seu currículo de referencia, colaborando conxuntamente na elaboración e posta en práctica das Adaptacións Curriculares daquelas/es alumnas/os que as necesiten.

#### **2. ORGANIZACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

O centro conta cunha aula de apoio á cal asistirán todas/os aquelas/es alumnas/os que, polas súas necesidades, así o requiran.

A lista de alumnas/os que asisten á aula de apoio non é pechada posto que poden aparecer ó longo do curso alumnas/os con necesidades específicas de apoio educativo que precisen asistir á aula de pedagogía terapéutica.

As/os alumnas/os que acudan á aula de pedagogía terapéutica terán distinta temporalización, dependendo das súas características individuais e necesidades que presenten.

Traballarase en grupos o máis reducidos posible, posto que son alumnas/os que requiren dunha atención moi individualizada e personalizada.

### 3. OBXECTIVOS

Ademais dos obxectivos de carácter curricular sinalados nas Adaptacións Curriculares de cada alumna/o, serán obxectivos xerais os seguintes:

- Potenciar a comprensión e expresión escrita, mellorando a sintaxe e a ortografía.
- Potenciar a comprensión e expresión oral, mellorando o vocabulario e o uso da linguaxe.
- Estimular a linguaxe oral e escrita.
- Motivar á/ó alumna/o cara a lectura e a escritura.
- Mellorar as técnicas de base e as habilidades e destrezas necesarias para a lectura e a escritura.
- Fomentar o interese polo estudo.
- Potenciar a conduta de estudo, desenvolvendo ou adquirindo hábitos, habilidades e técnicas de traballo intelectual.
- Adquirir estratexias de análise e síntese da información.
- Fomentar a reflexión, a planificación e as autoinstrucións á hora de enfrontarse ás tarefas escolares.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Mellorar o nivel de atención e o seguimento de ordes de dificultade crecente.
- Mellorar a capacidade de memoria e razoamento.
- Mellorar o autoconcepto e autoestima, potenciando a seguridade ante as aprendizaxes escolares e reducindo o medo ao fracaso.
- Fomentar as relacións coas/os compañeiras/os, a fin de acadar unha adecuada integración no centro e no grupo-clase.
- Adquirir habilidades sociais, de comunicación e de interacción.
- Fomentar os hábitos de limpeza e orde na realización e presentación das tarefas escolares.

En relación co resto do centro e coas familias:

- Colaborar na elaboración e revisión das Adaptacións Curriculares.
- Asistir á avaliación inicial, ás sesións de avaliación dos grupos nos que haxa alumnas/os con apoio de P.T., ás reunións do Departamento de Orientación, ás reunións da CCP e ás reunións cos orientadores dos centros de primaria.



- Manter os contactos necesarios co profesor/a de cada materia e titor/a para acadar a maior coordinación posible.
- Manter coas familias do alumnado conversas periódicas sobre a marcha do proceso de ensino-aprendizaxe das/os súas/seus fillas/os.
- Considerar a asistencia á aula de Pedagogía Terapéutica coma unha axuda de carácter flexible e non necesariamente permanente, tendo sempre presente como obxectivo a integración completa das/os alumnas/os no seu grupo ordinario.

#### **4. CONTIDOS, ACTIVIDADES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os contidos e os criterios de avaliación serán, para cada alumna/o, os do seu currículo de referencia, especificados nas Adaptacións Curriculares.

As actividades deberanse achegar, sempre que sexa posible, ás que realizan as/os compañeiras/os da aula ordinaria, aínda que adaptadas ao seu nivel.

Realizaranse actividades en soporte informático empregando as novas tecnoloxías (ordenador, encerado dixital,...) as cales resultan moi motivadoras para o alumnado.

#### **5. METODOLOXÍA**

Partirase da motivación das/os alumnas/os e do seu grao de adquisicións, adaptando a dificultade ás súas capacidades.

Proporanse actividades que sexan significativas para as/os alumnas/os.

Faranse actividades de repaso con contidos anteriores, sobre todo cando se vaian ensinar outros que se apoiem en coñecementos previos.

É importante respectar o ritmo de aprendizaxe das/os alumnas/os e estar seguros de que superou unha aprendizaxe antes de pasar á seguinte.

#### **6. RECURSOS**

Utilizaranse todos os recursos dispoñibles do entorno, do centro, da aula ordinaria, agrupamentos e da aula de pedagogía terapéutica, que sexan precisos, para facilitarlle o desenvolvemento das tarefas.

## **7. AVALIACIÓN**

Trimestralmente avaliarase a evolución do alumnado que reciba apoio por parte da mestra de P.T., así como o desenvolvemento das Adaptacións Curriculares, de forma conxunta e coordinada co profesorado da aula ordinaria e dos agrupamentos.

Ao finalizar cada avaliación, colaborarase co profesor/a que imparta a materia adaptada das/os alumnas/os con A.C. que reciban apoio de P.T., na elaboración dun informe trimestral no que se recolla a evolución da/o alumna/o na materia adaptada ó longo do trimestre. Tamén se colaborará no informe de avaliación final da A.C. destas/es alumnas/os.

Da mesma forma, avaliarase a práctica docente con respecto aos alumnos e faranse propostas de mellora, se é o caso.

### **PREVISIÓN DE ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO DA MESTRA DE PT:**

1º ESO: 2 alumnos con necesidades educativas especiais (ACI) e 3 alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.

2º ESO: 3 alumnos con necesidades educativas especiais (ACI)

3º ESO: 1 alumna con necesidades derivadas da súa incorporación tardía ao sistema educativo, procedente de país extracomunitario.

Esta previsión, como tal, será dinámica, en función de novas necesidades que podan xurdir.